



# **CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA**

## **INFORME DE FISCALIZACIÓN DO CONCELLO DE VIVEIRO**

**EXERCICIO 2000**

## ÍNDICE

	<u>PÁXINA</u>
<b>I. INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>1</b>
1. OBXECTIVOS.....	1
2. LIMITACIÓNS.....	1
3. MARCO LEGAL.....	1
4. TRÁMITE DE ALEGACIÓNS.....	2
<b>II. ORZAMENTO, LIQUIDACIÓN E CONTA XERAL.....</b>	<b>2</b>
1. ORZAMENTO.....	2
2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO.....	3
3. CONTA XERAL.....	4
<b>III. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.....</b>	<b>4</b>
<b>IV. REMANENTE DE TESOURERÍA.....</b>	<b>6</b>
1. DEBEDORES PENDENTES DE COBRO.....	6
2. ACREDORES PENDENTES DE PAGO.....	15
3. FONDOS LÍQUIDOS DE TESOURERÍA.....	21
4. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO A GASTOS CON FINANCIAMENTO AFECTADO ..	22
5. CUANTIFICACIÓN DO ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA.....	24
<b>V. ENDEBEDAMENTO.....</b>	<b>24</b>
1. OPERACIÓNS A LONGO PRAZO.....	24
2. OPERACIÓNS DE TESOURERÍA.....	26
3. AFORRO NETO.....	27
<b>VI. CONCLUSIÓNS.....</b>	<b>27</b>
1. ORZAMENTO, LIQUIDACIÓN E CONTA XERAL.....	27
2. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.....	27
3. REMANENTE DE TESOURERÍA.....	28
4. ENDEBEDAMENTO.....	28
5. SITUACIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA.....	29

## **I. INTRODUCCIÓN**

### **1. OBXECTIVOS**

De conformidade co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Pleno desta Institución acordou incluír no seu programa de actuacións a realizar no ano 2002, aprobado o 20 de decembro de 2001, a fiscalización da actividade económico-financeira realizada polo Concello de Viveiro durante o exercicio 2000, limitada ós seguintes obxectivos:

- Verificar a consistencia e razoabilidade dos conceptos que integran o remanente de tesourería a 31 de decembro de 2000 e, no seu caso, comprobar que se adoptaron as actuacións legalmente procedentes para compensar os remanentes de tesourería negativos.
- Comprobar que no momento previo á formalización das operacións de crédito cúmprense os límites fixados na LRFL, analizando así mesmo o aforro neto da Corporación a 31 de decembro de 2000 e aquelas variables que permitan realizar un diagnóstico da situación económico-financeira.

### **2. LIMITACIÓNS**

As probas realizadas para o cumprimento dos obxectivos fixados, víronse condicionadas polas seguintes limitacións ó alcance:

- Os libros de contabilidade non foron encadernados e dilixenciados nos termos establecidos na regra 61.2 da ICAL. O dito incumprimento determina que non garante a inalterabilidade da información facilitada mediante listados informáticos.
- O seguimento dos gastos con financiamento afectado que realiza o Concello non se axusta ó establecido nas regras 376 a 381 da ICAL, polo que non se puido determinar con exactitude que parte do remanente se debería ter afectado.
- O estado de situación e movementos de operacións non orzamentarias, previsto na regra 425 da ICAL, non se axusta ós modelos establecidos na mencionada instrucción, ó non se elabora un estado independente para debedores, acredores e ingresos pendentes de aplicación, o que dificultou a identificación das contas correspondentes a cada un deles.

### **3. MARCO LEGAL**

A normativa que regula a actividade económico-financeira do Concello, no referente ás materias obxecto de fiscalización inclúense fundamentalmente nas seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril.
- Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais (LRFL).

- Instrucción de Contabilidade para a Administración Local (ICAL), aprobada pola Orde do Ministerio de Economía e Facenda, do 17 de xullo de 1990.
- Orde do Ministerio de Economía e Facenda, do 20 de setembro de 1989, sobre estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve, en materia de orzamentos, o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais.
- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Lexislativo), aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.
- Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.
- Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1684/1990, do 20 de decembro (RXR).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG).
- Lei 230/1963, Xeral Tributaria.
- Lei 1/1998, de dereitos e garantías dos contribuíntes.
- Real Decreto Lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral Orzamentaria.
- Lei 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Cuentas.
- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia.
- Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, do 17 de xullo de 1992.
- Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño (TRLCAP).

#### **4. TRÁMITE DE ALEGACIÓNS**

En cumprimento do disposto no artigo 58 do regulamento do Consello de Contas de Galicia, os resultados das actuacións realizadas remitíronse ó Alcade do Concello en escrito (RS nº177) de 27 de marzo de 2003, concedéndolle un prazo ata o 23 de abril do mesmo ano para que presentaran as alegacións, documentación e xustificantes que estimara oportunos. Transcurrido o prazo sinalado non se presentaron alegacións o anteproxecto de informe remitido.

## **II. ORZAMENTO, LIQUIDACIÓN E CONTA XERAL**

### **1. ORZAMENTO**

O orzamento de 2000 foi aprobado inicialmente por acordo plenario do 23 de decembro de 1999. Apróbase definitivamente unha vez transcurrido o prazo de alegacións e exposición pública.

En aplicación do artigo 150.6 da LRFL prorrogouse automaticamente o orzamento de 1999 ata a entrada en vigor do orzamento do exercicio, trala súa publicación o 3 de febreiro de 2000. Non consta que na aplicación da prórroga

se realizaran os axustes nos créditos iniciais do orzamento do exercicio anterior nos termos do artigo 21 do RD 500/1990.

## 2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

A liquidación do orzamento de 2000 foi aprobada por Resolución da Alcaldía do 26 de xuño de 2001. Da liquidación aprobada deuse conta ó Pleno o 30 de novembro de 2001. O 7 de agosto de 2001 foi remitida á Administración do Estado, incumprindo o prazo disposto no artigo 174.5 da LRFL. Non consta no expediente de aprobación da liquidación a remisión da mesma á Comunidade Autónoma, incumprindo o disposto no artigo 174.5 da LRFL.

A liquidación do orzamento presenta as magnitudes que a continuación se detallan:

### Estado de gastos

Capítulo	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	Grao execución	Pagos ordenados	Pagos realizados	P.R/O.R. %
1. Gastos persoal	472.379.676	118.287.910	590.667.587	559.147.325	94,66%	557.190.167	554.712.866	99,20%
2. Gtos. bens ctes. e servicios	189.167.489	60.393.331	249.560.820	235.305.620	94,29%	205.258.811	184.133.958	78,25%
3. Gastos financeiros	73.766.401	0	73.766.401	63.702.603	86,35%	63.702.603	63.702.603	100%
4. Transferencias correntes	57.600.000	175.329.591	232.929.591	153.491.687	65,89%	150.267.657	148.601.476	96,81%
6. Investimentos reais	122.260.000	299.014.776	421.274.776	277.274.958	65,81%	227.239.174	162.892.609	58,74%
7. Transferencias de capital	10.000.000	0	10.000.000	225.034	2,25%	225.034	225.034	100%
9. Pasivos financeiros	107.017.613	0	107.017.613	100.876.830	94,26%	100.876.830	100.876.830	100%
<b>TOTAL</b>	<b>1.032.191.179</b>	<b>653.025.608</b>	<b>1.685.216.787</b>	<b>1.390.024.057</b>	<b>82,48%</b>	<b>1.304.760.276</b>	<b>1.215.145.376</b>	<b>87,41%</b>

As modificacións orzamentarias representan o 63,2% do orzamento aprobado, e cuantitativamente os capítulos de investimentos reais, transferencias correntes e gastos de persoal son os máis relevantes. O grao de execución do orzamento de gastos (obrigas recoñecidas netas/créditos definitivos) sitúase no 82,48%. O índice de execución de pagos (pagos realizados/obrigas recoñecidas) foi de 87,41%.

### Estado de ingresos

Capítulo	Previsión inicial	Modificacións	Previsión definitiva	Dereitos recoñecidos	Grao execución	Recadación	rao recadació	Dereitos pendentes
1. Impostos directos	408.500.000	0	408.500.000	380.816.532	93,22%	341.108.504	89,57%	39.708.028
2. Impostos indirectos	48.000.000	0	48.000.000	52.378.211	109,12%	51.004.495	97,37%	1.373.716
3. Taxas e outros ingresos	187.975.500	106.088.000	294.063.500	308.625.885	104,95%	211.509.336	68,53%	97.116.549
4. Transferencias correntes	333.450.300	174.516.169	507.966.469	519.620.023	102,29%	519.620.023	100%	0
5. Ingresos patrimoniais	5.211.000	5.709.145	10.920.145	12.639.361	115,74%	11.634.576	92%	1.004.785
7. Transferencias de capital	14.000.200	290.230.638	304.230.838	175.972.987	57,84%	175.972.987	100%	0
8. Activos financeiros	2.000.000	51.722.339	53.722.339					
9. Pasivos financeiros	33.054.179	24.759.317	57.813.496	21.771.000	37,65%	21.771.000	100%	0
<b>TOTAL</b>	<b>1.032.191.179</b>	<b>653.025.608</b>	<b>1.685.216.787</b>	<b>1.471.823.999</b>	<b>87,33%</b>	<b>1.332.620.921</b>	<b>90,54%</b>	<b>139.203.078</b>

O grao de execución do orzamento de ingresos (dereitos recoñecidos/previsións definitivas) foi de 87,33%. O índice de execución da recadación líquida (ingresos líquidos/dereitos recoñecidos) sitúase no 90,54%.

### Resultado orzamentario

O resultado orzamentario calculado pola Corporación e o calculado polo equipo auditor é o seguinte:

Resultado orzamentario	Segundo cálculos do Concello	CONSELLO DE CONTAS	
		Modificacións realizadas	Resultado orzamentario
1. Dereitos recoñecidos netos	1.471.823.999	3.619.702	1.475.443.701
2. Obrigas recoñecidas netas	1.390.024.057	101.949.001	1.491.973.058
3. Resultado orzamentario (1-2)	81.779.942		-16.529.357
4. Desviacións positivas de financiamento	60.256.563	-17.186.110	43.070.453
5. Desviacións negativas de financiamento	80.717.429	21.033.616	101.751.045
6. Gtos. financiados c/remanente líquido de tesourería	42.661.654	0	42.661.654
<b>7. Resultado orzamentario axustado (3-4+5+6)</b>	<b>144.922.462</b>	<b>-60.109.573</b>	<b>84.812.889</b>

No cálculo do resultado orzamentario realizáronse as seguintes comprobacións:

- Os dereitos recoñecidos e as obrigas recoñecidas netas deducidas da contabilidade financeira e da liquidación coinciden cos importes que figuran rexistrados no resultado orzamentario.
- Ó resultado orzamentario réstanselle as desviacións de financiamento positivas do exercicio e súmanselle as negativas.

As modificacións realizadas ó resultado orzamentario calculado polo Concello, xorden como consecuencia das incidencias detectadas nos apartados 1, 2 e 4 do epígrafe IV deste Informe, provocando un resultado de 84.812.889 pesetas.

### 3. CONTA XERAL

A conta xeral do exercicio de 2000 foi dictaminada pola Comisión Especial de Contas o día 8 de agosto de 2002, fóra do prazo establecido no artigo 193.2 da LRFL. Aprobouse polo Pleno o 20 de setembro de 2002, incumprindo o disposto no artigo 193.4 da LRFL. A conta foi remitida sen aprobar o 15 de novembro de 2001, incumprindo o disposto no artigo 204 da LRFL.

### III. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

O Concello de Viveiro, na Base quinta das de execución do orzamento, para os exercicios 2000 e 2001, prevé a posibilidade de imputar ó orzamento corrente aqueles gastos realizados en exercicios anteriores, nos que a súas obrigas non foron recoñecidas por inexistencia ou insuficiencia de consignación orzamentaria, ata un máximo de imputación do 30% do crédito consignado no nivel de vinculación xurídica establecido nas propias bases.

Apoiándose nesa previsión, a imputación realizada polo Concello de gastos anteriores ós orzamentos dos anos 2000 e 2001 reflíctese no seguinte cadro:

Importe de imputación ós exercicios 2000 e 2001 de gastos anteriores, previo acordo da Comisión de Goberno , con abeiro na Base 5 das do orzamento	
Exercicio de imputación	Importe de aprobación.
2000	33.558.093
2001	113.486.956
<b>TOTAL</b>	<b>147.045.049</b>

A figura do recoñecemento extraxudicial de crédito atópase regulada no artigo 60.2 do RD 500/90, do 20 de abril, así como no artigo 23.1,e) do TRRL, do 18 de abril, que indica o seguinte:

*“Corresponde ó Pleno da Corporación o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria”*

O recoñecemento extraxudicial de créditos é un instrumento que ten por obxecto evitar que os entes locais se enriquezan inxustamente sobre a base do seu propio incumprimento legal a costas dos acredores de boa fe, de tal xeito que evite a estes últimos o ter que acudir a unha reclamación xudicial que acabe en sentenza xudicial firme e que sexa esixible fronte á Facenda Local, de acordo co disposto no artigo 154.1 da LRFL, sen prexuízo das responsabilidades que se puideran derivar polos ditos incumprimentos (artigo 154.5 da LRFL).

Especial gravidade ten a contratación de toda clase de obras, servicios ou subministracións sen a existencia de crédito orzamentario, vulnerando os principios de anualidade orzamentaria recollida no artigo 157.1 da LRFL e o de *devengo* contable, prescindindo ademais do procedemento de contratación correspondente previsto na Lei de Contratos das Administracións Públicas. En ámbolos dous casos a norma (artigo 62 do TRLCAP) sanciona os ditos actos coa nulidade de pleno dereito.

A xeralización que se deriva da imputación de ata un máximo do 30% dos créditos do exercicio, que en principio aparece como excepción, denota, e isto sen prexuízo das responsabilidades que se puideran derivar por quen incorreu nun gasto sen comprobar a existencia de crédito a través da Intervención municipal, un deficiente e irregular control do gasto público, desvirtuando principios básicos como o de anualidade e convertido a liquidación orzamentaria nunha ficción que impide coñecer a situación financeira real do Concello.

Detectouse que o Pleno da Corporación, durante o exercicio 2001, aprobou tres recoñecementos extraxudiciais de crédito con cargo ó orzamento do ano 2002, ascendendo o importe total aprobado a 44.857.349 pesetas, correspondentes a gastos de exercicios anteriores ó 2001 que carecían da suficiente e adecuada cobertura orzamentaria, infrinxindo de novo o artigo 154.5 da LRFL, ó non poder comprometer crédito en contía superior ós créditos autorizados no estado de gastos, aínda tratándose de recoñecementos extraxudiciais de crédito.

Débase evitar a utilización do recoñecemento extraxudicial de créditos na medida do posible, pois isto é consecuencia dun funcionamento irregular e anormal da administración municipal, sendo especialmente grave a utilización desta figura para gastos de investimento como realizou o Concello de Viveiro, entre outros, para o recoñecemento de crédito por importe de 1.520.428 pesetas por “*pavimentación camiños de acceso a Cova e casas do Pombal-Viveiro*”, así como por importe de 1.535.724 pesetas por roza e limpeza de gabias, colocación de tubos e sacheo de pistas en Magazos.

Na maioría dos casos, os recoñecementos extraxudiciais foron aprobados pola Comisión de Goberno, sendo este órgano incompetente para aprobar esta clase de expedientes.

#### IV. REMANENTE DE TESOURERÍA

O artigo 93.b,2) do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, establece que como consecuencia da liquidación do orzamento da entidade deberase determinar, entre outras magnitudes, o remanente de tesourería, o cal, de conformidade co artigo 172 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, calcularase sumando os fondos líquidos e os dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro e restando a todo isto as obrigas recoñecidas e liquidadas non satisfeita o último día do mesmo. Ademais terase en conta os posibles ingresos afectados e minoraranse, de acordo co que regulamentariamente se estableza, os dereitos pendentes considerados de difícil ou imposible recadación.

Os resultados da análise sobre a composición de cada un dos conceptos integrantes de remanente de tesourería reflíctense nos seguintes epígrafes.

##### 1. DEBEDORES PENDENTES DE COBRO

Os saldos que se reflicten no estado de remanente de tesourería presentan a seguinte composición:

Debedores pendentes de cobro a 31/12/2000	Importe
De orzamento de ingresos, exercicio corrente	139.203.078
De orzamento de ingresos, exercicios pechados	145.327.441
Doutras operacións non orzamentarias	4.608.858
( - ) Saldos de dubidoso cobro	20.000.000
( - ) Ingresos pendentes de aplicación definitiva	5.243.519
<b>TOTAL</b>	<b>263.895.858</b>

Como resultado do traballo efectuado, detectáronse as seguintes incidencias, que afectan á fiabilidade dos saldos rexistrados en debedores pendentes de cobro, e que se detallan nos epígrafes seguintes:



### 1.1. De orzamento de ingresos, exercicio corrente

Verificouse a coincidencia de saldos de debedores pendentes de cobro de orzamento corrente coa información do balance de situación e coa liquidación do orzamento.

A 31 de decembro de 2000 existen debedores pendentes de cobro por importe de 139.203.078 pesetas coa seguinte distribución:

Cap.	Descrición	Pdte de. cobro a 31/12/2000
1.	Impostos directos	39.708.504
2.	Impostos indirectos	1.373.716
3.	Taxas e outros ingresos	97.116.549
5.	Ingresos patrimoniais	1.004.785
<b>TOTAL</b>		<b>139.203.554</b>

#### a) *Impostos directos*

Os dereitos pendentes de cobro a fin de exercicio ascenden a 39.708.504 pesetas. Con obxecto de verificar a realidade dos mesmos, analizouse unha mostrase que representa o 93,55% dos dereitos pendentes, coa seguinte distribución:

Sub-concepto	Descrición	Dereitos recoñecidos	Recadación neta	Drts. Pdtes. de cobro
11201	IBI urbano	290.393.530	259.213.216	31.180.314
11300	IVTM	76.861.714	70.892.341	5.969.373
<b>TOTAL</b>		<b>367.255.244</b>	<b>330.105.557</b>	<b>37.149.687</b>

O IBI urbano é xestionado directamente polo Concello. Durante o exercicio 2000 contabilizou como dereitos recoñecidos a cantidade de 290.393.530 pesetas cando a suma do padrón aprobado e as altas, minorados polas devolucións de recibos, ascende a 293.742.775 pesetas, cantidade pola que se debería ter recoñecido dereitos. Polo tanto o resultado orzamentario incrementábase na cantidade de 3.349.245 pesetas. Así mesmo, de acordo coa liquidación do orzamento os dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro de 2000 ascenden a 31.180.314 pesetas, cantidade que coincide coa reflectida como pendente de cobro nas contas de recadación aprobadas.

O IVTM tamén é xestionado directamente polo Concello, que contabilizou como dereitos recoñecidos a cantidade de 76.861.714 pesetas cando a suma do padrón aprobado e as altas, minorados polas devolucións de recibos, ascende a 77.039.411 pesetas, debéndose incrementar o resultado orzamentario na cantidade de 177.697 pesetas. Así mesmo, de acordo coa liquidación do orzamento os dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro de 2000 ascenden a 5.969.373 pesetas, mentres que de acordo coas contas de recadación aprobadas os dereitos pendentes ascenden a 5.909.245 pesetas. A diferenza de 60.128 pesetas debe minorar o remanente de tesourería.

De acordo co anterior os axustes a realizar no remanente de tesourería son os seguintes:

Subconcepto	Descrición	Axuste nos dereitos pdtes. de cobro
11300	IVTM	-60.128
<b>TOTAL</b>		<b>-60.128</b>

b) *Taxas e outros ingresos*

Os dereitos pendentes de cobro a fin de exercicio ascenden a 97.116.549 pesetas. Con obxecto de verificar a realidade dos mesmos, analizouse unha mostraxe que representa o 93,48% do total, coa seguinte distribución:

Sub-concepto	Descrición	Dereitos recoñecidos	Recadación neta	Dereitos pdtes. de cobro
31210	Recollida de lixo	81.853.586	1.884.692	79.968.894
31515	Ocupación de subsolo, solo e voo	14.097.591	9.856.160	4.241.431
38001	Gastos. servizo auga e rede de sumidoiros	13.230.739	6.652.796	6.577.943
<b>TOTAL</b>		<b>109.181.916</b>	<b>18.393.648</b>	<b>90.788.268</b>

Aquagest,S.A. explota os servizos municipais de auga potable e rede de sumidoiros, mediante concesión administrativa adxudicada por concurso o 3 de maio de 1993, por un período de 10 anos a partir do 1 de xullo do mencionado ano, percibindo o importe das correspondentes taxas de subministración en compensación pola prestación destes servizos. O Concello contabiliza no orzamento o importe das mencionadas taxas. No punto 6.8 do Prego de Condicións Económico Administrativas da concesión establécese a cesión a Aquagest,S.A. do persoal do Concello afecto ós servizos municipais de auga e rede de sumidoiros, recibindo o seu salario con cargo ó orzamento municipal e reintegrando estas cantidades a empresa concesionaria. Este feito pode vulnerar o artigo 43.1 do Estatuto dos Traballadores, que prohíbe a cesión de persoal agás para as empresas de traballo temporal. Así mesmo, no punto 6.15 do mencionado Prego facúltase ó concesionario para recadar en período executivo os importes deixados de ingresar en período voluntario, conculcando o disposto no artigo 85.2 da LRBRL. O 27 de setembro de 1996 formalízase en contrato administrativo a modificación do contrato inicial. Esta modificación afecta, en primeiro lugar, ó canon que debe achegar Aquagest,S.A., quedando establecido en 50.000.000 pesetas, pagadeiros en dúas anualidades nos exercicios 1996 e 1997; en segundo lugar ás obras que debe realizar a empresa e que ascenden a 65.000.000 pesetas e, finalmente, ó prazo da concesión que se amplía ata 1 de xullo de 2018. Verificouse o ingreso do mencionado canon nos exercicios 1996 e 1997, así como a execución das obras proxectadas.

Aquagest,S.A. cobra conxuntamente co recibo da auga e da rede de sumidoiros, a *taxa polo servizo de recollida de lixo* (31210), de acordo co disposto no punto 6.15 do Prego de Condicións Económico Administrativas da concesión, debendo ingresar o importe da mesma dentro dos trinta días seguintes á confección dos recibos. O Concello recoñeceu dereitos por importe de 81.853.586 pesetas, non procedendo ningún axuste de acordo coa información facilitada polo servizo de recadación. Aquagest,S.A. ingresa na Tesourería municipal, no exercicio 2001, a practica totalidade do recadado no

exercicio 2000 por esta taxa, incumprindo o disposto no punto 6.15 do Prego de Condicións Económico Administrativas da concesión.

A *taxa por ocupación de subsolo, solo e voo* (31515) cóbrase a tres empresas: Telefónica, Begasa e CEPSA. Durante o exercicio 2000 Telefónica e Begasa presentan liquidacións por importe de 14.097.591 pesetas. O Concello recoñeceu dereitos por este importe dando cumprimento ó disposto no artigo 144,a) da LRFL. De acordo cos mandamentos de ingreso correspondentes ás mencionadas liquidacións, quedan pendentes de cobro 4.241.431 pesetas a 31 de decembro de 2000, correspondentes a liquidacións de Begasa. Polo tanto non procede ningún axuste no relativo a estas empresas. Nembargantes, para CEPSA apróbase o 18 de decembro de 2000 un padrón por importe de 92.760 pesetas, mentres que os correspondentes dereitos se contabilizan no exercicio 2001. Polo tanto débese incrementar o resultado orzamentario e o remanente de tesourería en 92.760 pesetas. Recoméndase a exacción desta taxa mediante autoliquidación ou liquidación individual da empresa beneficiada do aproveitamento do dominio público e non a través de padrón, método mais apropiado para os tributos de cobro periódico e notificación colectiva.

Os importes rexistrados no *subconcepto* 38001, *reintegros por gastos do servizo de auga e rede de sumidoiros*, corresponden ás cantidades que Aquagest,S.A. reintegra ó Concello como consecuencia da cesión do persoal afecto ós servizos municipais de auga e rede de sumidoiros e que como se comentou anteriormente pode vulnerar o disposto no artigo 43.1 do Estatuto dos Traballadores.

De acordo co anterior os axustes a realizar no remanente de tesourería son os seguintes:

<i>Subconcepto</i>	<i>Descrición</i>	<i>Axuste nos dereitos pdtes. de cobro</i>
31515	Ocupación de subsolo, solo e voo	92.760
<b>TOTAL</b>		<b>92.760</b>

### c) *Resumo*

Como consecuencia da análise realizada nos dereitos pendentes de cobro de exercicio corrente, os axustes propostos no estado de remanente de tesourería son os seguintes:

<b>Capítulo</b>	<b>Descrición</b>	<b>Axuste dos drtos. pdtes. de cobro no estado de remanente de tesourería</b>
1	Impostos directos	-60.128
3	Taxas e outros ingresos	92.760
<b>TOTAL</b>		<b>32.632</b>

## 1.2. Do orzamento de ingresos, exercicios pechados

Verificouse a coincidencia de saldos de debedores pendentes de cobro de orzamentos pechados coa información do balance de situación e coa liquidación do orzamento.

A 31 de decembro de 2000 existen debedores pendentes de cobro por importe

de 145.327.441 pesetas coa seguinte distribución, en función do exercicio do seu recoñecemento:

Ano de recoñecemento de drtos.	Dereitos pendentes de cobro
1996	11.522.571
1997	39.470.543
1998	22.346.798
1999	71.987.529
<b>TOTAL</b>	<b>145.327.441</b>

a) *Dereitos pendentes de cobro en período de prescrición y rectificación de saldos de dereitos recoñecidos*

Os dereitos de natureza tributaria, a teor do disposto na nova redacción dada ó artigo 64 da Lei 230/1964, pola Lei 1/1998 do 26 de febreiro, prescriben ós catro anos. Así mesmo, os dereitos que non teñen natureza tributaria prescriben ós cinco anos. Neste sentido tódolos dereitos de natureza tributaria anteriores ó 1 de xaneiro de 1997 e os que no teñan esa natureza anteriores ó 1 de xaneiro de 1996 se deben considerar en período de prescrición, agás que se realizaran accións encamiñadas ó cobro deses créditos ou dirixidas a interromper a prescrición.

O Concello de Viveiro achegou a documentación xustificativa das notificacións das providencias de *apremio*, correspondentes ós dereitos de natureza tributaria pendentes de cobro do exercicio 1996. En consecuencia estes dereitos non están prescritos e non se deben dar de baixa. Nembargantes, e de acordo co principio de prudencia, débense dotar saldos de dubidoso cobro polo importe total destas cantidades, que aínda estando en período de prescrición, non prescribiron debido ás accións do Concello dirixidas ó cobro dos dereitos ou a interromper a prescrición.

A 31 de decembro de 2000 non figuran cantidades pendentes de cobro de exercicios anteriores a 1996, debido que o Concello aprobou (Resolución da Alcaldía do 27 de abril de 2000) un expediente de depuración de saldos por rectificación de saldos e prescrición dos mesmos, de acordo co seguinte detalle, en función do seu exercicio de recoñecemento:

Exercicio	Dereitos pdtes. de cobro a 01/01/2000	Dereitos anulados por rectificación de saldos	Dereitos anulados por prescrición
1986	1.408	1.408	0
1987	241.761	9.532	232.229
1988	1.040.246	25.803	1.014.443
1989	4.784.790	677.940	4.106.850
1990	10.805.840	6.662.433	4.143.407
1991	8.752.981	2.786.288	5.966.693
1992	7.992.417	3.952.719	4.039.698
1993	12.554.542	1.023.274	11.531.268
1994	15.620.434	1.982.314	13.638.120
1995	10.354.135	1.310.514	9.043.621
<b>TOTAL</b>	<b>72.148.554</b>	<b>18.432.225</b>	<b>53.716.329</b>

Deste feito (prescrición de 53.716.329 pesetas) pódense derivar as responsabilidades previstas nos artigos 141 do TRLXO e 38 da LOTC.

*b) Dotación de saldos de dubidoso cobro*

O Concello dotou no estado de remanente de tesourería, como saldos de dubidoso cobro, a cantidade de 20.000.000 pesetas, pero non ten un criterio establecido para a dotación destes saldos (artigo 103 do RD 500/1990).

Con independencia de ter en conta a dotación efectuada polo Concello para os exercicios 1997, 1998 e 1999, determinouse a porcentaxe de cobro no exercicio 2001 dos dereitos pendentes deses anos, realizando unha estimación de saldos a efectuar pola porcentaxe non recadada no 2001. Esta análise fíxose para tódolos artigos que teñen cantidades pendentes de cobro neses exercicios:

– *Artigo 11 (Impostos sobre o capital)*

A dotación de saldos de dubidoso cobro en función da parte non recadada no exercicio 2001 é a seguinte:

Exercicio	Drtos. pdtes. cobro a 31/12/2000	Recadación exercicio 2001	% de recadación	% de dotación de saldos	Importe de dotación de saldos
1997	11.787.203	972.464	8,25%	91,75%	10.814.739
1998	12.441.347	1.702.527	13,68%	86,32%	10.738.820
1999	20.463.009	5.544.407	27,09%	72,91%	14.918.602
<b>TOTAL</b>	<b>44.691.559</b>	<b>8.219.398</b>	<b>18,39%</b>	<b>81,61%</b>	<b>36.472.161</b>

– *Artigo 13 (Impostos sobre actividades económicas)*

A dotación de saldos de dubidoso cobro en función da parte non recadada no exercicio 2001 é a seguinte:

Exercicio	Drtos. pdtes. cobro a 31/12/2000	Recadación exercicio 2001	% de recadación	% de dotación de saldos	Importe de dotación de saldos
1997	2.689.110	263.624	9,80%	90,20%	2.425.486
1998	4.643.219	773.951	16,67%	83,33%	3.869.268
1999	6.526.644	603.062	9,24%	90,76%	5.923.582
<b>TOTAL</b>	<b>13.858.973</b>	<b>1.640.637</b>	<b>11,84%</b>	<b>88,16%</b>	<b>12.218.336</b>

– *Artigo 28 (Outros impostos indirectos)*

A dotación de saldos de dubidoso cobro en función da parte non recadada no exercicio 2001 é a seguinte:

Exercicio	Drtos. pdtes. de cobro a 31/12/2000	Recadación exercicio 2001	% de recadación	% de dotación de saldos	Importe de dotación de saldos
1997	13.917.027	4.999.500	35,92%	64,08%	8.917.527
1998	3.371.443	2.600	0,08%	99,92%	3.368.843
1999	29.932.719	5.964.228	19,93%	80,07%	23.968.491
<b>TOTAL</b>	<b>47.221.189</b>	<b>10.966.328</b>	<b>23,22%</b>	<b>76,78%</b>	<b>36.254.861</b>

– *Artigo 31(Taxas)*

A dotación de saldos de dubidoso cobro en función da parte non recadada no exercicio 2001 é a seguinte:

Exercicio	Drts. pdtes. de cobro a 31/12/2000	Recadación exercicio 2001	% de recadación	% de dotación de saldos	Importe de dotación de saldos
1997	8.503.396	2.500.500	29,41%	70,59%	6.002.896
1998	1.774.114	10.000	0,56%	99,44%	1.764.114
1999	14.765.157	2.726.923	18,47%	81,53%	12.038.234
<b>TOTAL</b>	<b>25.042.667</b>	<b>5.237.423</b>	<b>20,91%</b>	<b>79,09%</b>	<b>19.805.244</b>

– *Artigo 34 (Prezos públicos por prestación de servicios)*

A dotación de saldos de dubidoso cobro en función da parte non recadada no exercicio 2001 é a seguinte:

Exercicio	Drts. pdtes. de cobro a 31/12/2000	Recadación exercicio 2001	% de recadación	% de dotación de saldos	Importe de dotación de saldos
1997	3.375	0	0%	100%	3.375
<b>TOTAL</b>	<b>3.375</b>	<b>0</b>	<b>0%</b>	<b>100%</b>	<b>3.375</b>

– *Artigo 35 (Prezos públicos por utilización privativa ou aproveitamento especial)*

A dotación de saldos de dubidoso cobro en función da parte non recadada no exercicio 2001 é a seguinte:

Exercicio	Drts. pdtes. cobro a 31/12/2000	Recadación exercicio 2001	% de recadación	% de dotación de saldos	Importe de dotación de saldos
1996	159.763	9.576	5,99%	94,01%	150.187
1997	45.419	0	0%	100%	45.419
1998	112.560	10.080	8,96%	91,04%	102.480
<b>TOTAL</b>	<b>317.742</b>	<b>19.656</b>	<b>6,19%</b>	<b>93,81%</b>	<b>298.086</b>

– *Artigo 46(Transferencias correntes de Entidades Locais)*

A dotación de saldos de dubidoso cobro en función da parte non recadada no exercicio 2001 é a seguinte:

Exercicio	Drts. pdtes. de cobro a 31/12/2000	Recadación exercicio 2001	% de recadación	% de dotación de saldos	Importe de dotación de saldos
1999	200.000	0	0%	100%	200.000
<b>TOTAL</b>	<b>200.000</b>	<b>0</b>	<b>0%</b>	<b>100%</b>	<b>200.000</b>

– *Artigo 48 (Transferencias correntes de familias e institucións sen fins de lucro)*

A dotación de saldos de dubidoso cobro en función da parte non recadada no exercicio 2001 é a seguinte:

Exercicio	Drtos. pdtes. de cobro a 31/12/2000	Recadación exercicio 2001	% de recadación	% de dotación de saldos	Importe de dotación de saldos
1996	1.557	0	0%	100%	1.557
1998	4.115	0	0%	100%	4.115
1999	100.000	0	0%	100%	100.000
<b>TOTAL</b>	<b>105.672</b>	<b>0</b>	<b>0%</b>	<b>100%</b>	<b>105.672</b>

– *Artigo 83 (Reintegro de préstamos concedidos fóra do sector público)*

A dotación de saldos de dubidoso cobro en función da parte non recadada no exercicio 2001 é a seguinte:

Exercicio	Drtos. pdtes. de cobro a 31/12/2000	Recadación exercicio 2001	% de recadación	% de dotación de saldos	Importe de dotación de saldos
1996	215.005	215.005	100%	0%	0
1997	2.525.013	750.012	29,70%	70,30%	1.775.001
<b>TOTAL</b>	<b>2.740.018</b>	<b>965.017</b>	<b>35,22%</b>	<b>64,78%</b>	<b>1.775.001</b>

c) *Resumo*

A estimación de dotación de saldos de dubidoso cobro para os dereitos que non estean en período de prescrición queda, en función da recadación efectiva do exercicio 2001, do seguinte xeito:

Artigo	Estimación da dotación de saldos de dubidoso cobro
11. (Impostos sobre o Capital)	36.472.161
13. (Impostos sobre actividades económicas)	12.218.336
28. (Outros impostos indirectos)	36.254.861
31. (Taxas)	19.805.244
34. (Prezos públicos por prestación de servicios)	3.375
35. (Prezos públicos por utilización privativa ou aproveitamento especial)	298.086
46. (Transferencias correntes de Entidades Locais)	200.000
48. (Transferencias correntes de familias e entidades sen fins de lucro)	105.672
83. (Reintegro de préstamos fóra do Sector Público)	1.775.001
<b>TOTAL</b>	<b>107.132.736</b>

Ós 107.132.736 pesetas calculados como saldos de dubidoso cobro polo equipo auditor para o período 1997-1999, hai que sumar 11.146.246 pesetas correspondentes ós dereitos pendentes de cobro de natureza tributaria, do exercicio 1996, que se atopan en período de prescrición e que pese a non estar prescritos, en virtude do principio de prudencia, débense dotar polo total do importe pendente de cobro, o que supón un total de 118.278.982 pesetas. Dado que o Concello dotou saldos de dubidoso cobro no estado de remanente de tesourería por importe de 20.000.000 pesetas, o axuste que se debe facer no mencionado estado é pola diferenza (98.278.982 pesetas) existente entre a estimación calculada polo equipo auditor e a dotación efectuada polo Concello.

Os axustes propostos no estado de remanente de tesourería derivados da análise dos dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados son os seguintes:

Exercicios	Descrición	Axustes
1996-1999	Dotación de saldos de dubidoso cobro	98.278.982
<b>TOTAL</b>		<b>98.278.982</b>

### 1.3. Doutras operacións non orzamentarias

O Concello non elabora un estado de situación e movementos de debedores non orzamentarios conforme ó modelo establecido na ICAL. Do listado de contas non orzamentarias facilitado polo Concello inclúense as seguintes contas de debedores non orzamentarios:

Conta	Descrición	Saldo inicial	Pagos	Ingresos	Importe pdte. de cobro
5680	Debedores por IVE	502.178	2.991.938	2.209.106	1.285.010
5610	Anticipos e préstamos concedidos	2.581.125	4.561.932	3.819.209	3.323.848
<b>TOTAL</b>		<b>3.083.303</b>	<b>7.553.870</b>	<b>6.028.315</b>	<b>4.608.858</b>

O saldo pendente de cobro a 31 de decembro destas dúas contas coincide coa información contida no balance de situación e no estado de remanente de tesourería.

O saldo da conta 5610 “*Anticipos e préstamos concedidos*” componse de anticipos concedidos ó persoal da Corporación. De acordo con establecido na ICAL (definicións e relacións contables) deberíase ter contabilizado na conta 534 (préstamos a curto prazo). Isto supón dar un tratamento non orzamentario a estes anticipos, cando se debería ter dado un tratamento orzamentario, recoñecendo obrigas no concepto 830 de gastos polo total dos anticipos concedidos e recoñecendo dereitos no concepto 830 de ingresos polos anticipos devoltos. Así mesmo, de acordo coa regra 350 da ICAL débese realizar un axuste por 3.323.848 pesetas no remanente de tesourería do exercicio, xa que, a 31 de decembro de 2000, non debe figurar ningunha cantidade pendente de cobro ó se recoñecer os dereitos a medida que se produzan os reintegros.

O saldo da conta 5680 “*debedores por IVE*”, recolle o IVE pendente de cobro de facturacións realizadas polo Concello e que basicamente corresponden á facturación dos meses de xullo a decembro a Aquagest,S.A. pola cesión do persoal afecto ós servizos municipais de auga e rede de sumidoiros. Verificouse que esas cantidades están pendentes de cobro a 31 de decembro de 2000. Polo tanto, non procede ningún axuste no saldo desta conta.

De acordo co exposto anteriormente, os axustes no remanente de tesourería correspondentes a esta rúbrica son os seguintes:



Conta	Descrición	Axuste
5610	Anticipos e préstamos concedidos	-3.323.848
<b>TOTAL</b>		<b>-3.323.848</b>

#### 1.4. Outros ingresos pendentes de aplicación

O Concello non inclúe o estado de situación e movementos dos ingresos pendentes de aplicación entre os documentos que integran a súa conta xeral. No seu defecto facilitou un listado de operacións non orzamentarias, comprensivo das seguintes contas de ingresos pendentes de aplicación:

Conta	Descrición	Saldo inicial	Ingresos	Aplicacións	Importe pdte. de aplicación
5542	Ingresos en contas operativas pdtes. de aplicación	8.033.247	15.032.015	18.916.942	4.148.320
5546	Ingresos en caixa pdtes. de aplicación	1.916.121	557.599.965	558.420.887	1.095.199
<b>TOTAL</b>		<b>9.949.368</b>	<b>572.631.980</b>	<b>577.337.829</b>	<b>5.243.519</b>

O importe pendente de cobro a 31 de decembro destas dúas contas coincide coa información contida no balance de situación e no estado de remanente de tesourería.

O saldo das contas 5542 “*ingresos en contas operativas*” e 5546 “*ingresos en caixa pendentes de aplicación*”, inclúe importes ingresados na tesourería municipal procedentes na súa maioría de ingresos de dereito públicos, dos cales se descoñece a súa aplicación orzamentaria definitiva. Esta práctica contable é correcta e polo tanto non procede ningún axuste nos saldos destas contas.

## 2. ACREDORES PENDENTES DE PAGO

Os saldos que figuran na agrupación de acredores pendentes de pago do estado de remanente de tesourería, presentan a seguinte composición:

Acredores pendentes de pago a 31.12.2000	Importe pesetas
Do orzamento de gastos correntes	174.878.681
Do orzamento de gastos pechados	44.502.616
Do orzamento de ingresos	1.152.483
De operacións comerciais	0
De recursos doutros entes públicos	0
Doutras operacións non orzamentarias	55.343.712
Pagos realizados pendentes de aplicación (-)	5.694.025
<b>TOTAL</b>	<b>270.183.467</b>

Con carácter xeral detectouse que o importe do saldo de acredores pendentes de pago a fin de exercicio derivada do balance de situación e a cifra expresada polo mesmo concepto na relación nominal de acredores non coinciden, impedindo comprobar a veracidade do saldo das contas financeiras representativas das ditas obrigas e reflectidas no balance de situación.

Con obxecto de comprobar a fiabilidade dos saldos pendentes de pago do exercicio corrente e de pechados circularizouse ó 60,5% do importe total de acredores do Concello de Viveiro.

Como resultado do traballo efectuado, detectáronse incidencias, que afectan a fiabilidade dos saldos rexistrados en acredores pendentes de pago, e que se detallan nos epígrafes seguintes.

## 2.1. Do orzamento de gastos, orzamento corrente

### a) *Coherencia interna das cifras de acredores do orzamento de gastos, orzamento corrente*

Verificouse a coincidencia dos saldos de acredores pendentes de pago de orzamento corrente coa información do balance de situación e coa liquidación do orzamento, agás do indicado para a relación nominal de acredores no apartado 2. do presente epígrafe.

### b) *Saldos non xustificados*

Da única circularización recibida non se detectou ningunha incidencia que afecte ó remanente de tesourería, condicionando a comprobación destes saldos a falta de resposta xeralizada por parte dos acredores do Concello.

### c) *Gastos realizados pendentes de recoñecemento no exercicio*

Comprobouse que a 31 de decembro de 2000 existían gastos realizados polo Concello non contabilizados, correspondentes ó exercicio 2000, por importe total de 101.949.001 pesetas.

Trátanse de gastos realizados no exercicio que chegado o 31 de decembro de 2000 carecían da correspondente consignación orzamentaria, supoñendo unha infracción do artigo 154.5 da LRFL, artigo 25.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, en concordancia co disposto no artigo 62 c) do TRLCAP, desvirtuando e conculcando un principio básico orzamentario como é o de anualidade orzamentaria previsto no artigo 157 da LRFL.

O importe sinalado afecta teoricamente ó remanente de tesourería e resultado orzamentario do exercicio calculado polo equipo auditor, aumentando os acredores pendentes de pago do exercicio corrente.

## 2.2. Do orzamento de Gastos, orzamentos pechados

A estrutura que presenta ós acredores pendentes de pago por orzamentos pechados da liquidación do orzamento, é a seguinte:

Ano	Obrigas pdtes. de ordenar pago	Ordes de pagos pdtes.	Suma de obrigas e pagos pdtes. a 31.12.2000
1991	5.569.409		5.569.409
1995	1.557.693	102	1.557.795
1996	4.034.440	88.335	4.122.775
1997	2.581.640	69.600	2.651.240
1998	6.546.734	2.606.043	9.152.777
1999	15.257.502	6.191.118	21.448.620
<b>TOTAL</b>	<b>35.547.418</b>	<b>8.955.198</b>	<b>44.502.616</b>

### a) *Coherencia interna das cifras de acredores do orzamento de gastos, orzamentos pechados*

As cifras contidas no estado de remanente de tesourería por acredores de orzamentos pechados, coinciden coas reflectidas nos demais estados e anexos contables que compoñen a conta xeral agás da relación nominal de acredores de acordo co indicado no punto 2.

*b) Saldos non xustificados*

Da única circularización recibida non se detectou ningunha incidencia que afecte ó remanente de tesourería, condicionando a comprobación destes saldos a falta de resposta por parte dos acredores do Concello.

*c) Análise dos acredores por exercicios*

O traballo realizado neste apartado dirixiuse a verificar a realidade dos saldos pendentes de pago de exercicios pechados sinalados na táboa detallada no inicio do presente epígrafe.

Mediante Resolución da Alcaldía-Presidencia do Concello de data 27 de abril de 2000 depuráronse saldos de obrigas pendentes de pago de exercicios pechados por importe de 24.040.632 pesetas. A depuración xustificouse sobre a base, nalgúns casos, da inexistencia dun terceiro real ou existindo pola falta de documento que acreditara a realización do servizo, e noutros, polo transcurso do prazo de prescrición de cinco anos que fixa o artigo 46 do Texto Refundido da Lei Xeral Orzamentaria.

Non se detectou ningunha incidencia que afecte ó remanente de tesourería.

*d) Gastos de exercicios pechados pendentes de recoñecemento contable*

Detectouse a existencia de gastos realizados en exercicios anteriores ó 2000 que carecían da correspondente consignación orzamentaria, infrinxindo o disposto no artigo 154.5 da LRFL, artigo 25.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, en concordancia co disposto no artigo 62 c) do TRLCAP.

O importe das ditas cantidades detállase por exercicios na seguinte táboa:

Ano do Gasto	Importe pdte. de recoñecer a 31-diciembre-2000.
1996	530.556
1997	56.841.315
1998	59.272.787
1999	101.773.367
<b>TOTAL</b>	<b>218.418.025</b>

Este importe afecta a fiabilidade do remanente de tesourería, sendo procedente realizar un axuste ó alza en acredores de orzamentos pechados do remanente de tesourería calculado polo equipo auditor.

### **2.3. Doutras operacións non orzamentarias**

O Concello non presenta un estado de situación e movementos de operacións non orzamentarias de tesourería adaptado ó disposto na ICAL. No seu defecto facilitouse pola Intervención municipal un estado dos movementos debedores e

acreedores de operacións non orzamentarias do exercicio co saldo a 31 de decembro de 2000.

O saldo das contas representativas de acreedores por operacións non orzamentarias, a 31 de decembro de 2000, de acordo co estado de situación e os movementos desta clase de operacións, é o seguinte:

Conta	Descrición	Saldo a 31/12/00
4770	Seguridade Social acreedora	6.864.363
4750	Facenda pública acreedora por IRPF	12.466.994
4790	Facenda pública acreedora por IVE	3.096.223
4780	Facenda pública IVE repercutido	1.826.922
5109	Outros depósitos recibidos	107.023
5108	Fianzas de particulares	4.140.911
5107	Fianzas doutras empresas privadas	670.977
5127	MUNPAL	144.660
5130	Entes públicos acreedores, recadación de recursos	20.596.092
5200	Fianzas a curto prazo	12.369.520
5100	Depósitos recibidos	2.000.000
5102	Depósitos recibidos de entes públicos	1.000.000
5190	Outros acreedores non orzamentarios	1.820.264
5150	Operacións de Tesourería	609.283
<b>TOTAL</b>		<b>67.713.232</b>

Examinouse o 89,8% dos saldos das contas por acreedores non orzamentarios co seguinte resultado:

- Conta 477. *Seguridade Social Acreedora* (6.864.363 pesetas). Detectouse unha diferenza de 4.759.798 pesetas entre o saldo da conta 477 e a Seguridade Social retida ós traballadores do mes de decembro de 2000, deducida das nóminas dos traballadores. Esta diferenza resulta a favor da conta financeira, procedendo ó correspondente axuste no remanente de tesourería, acreedores non orzamentarios, reducindo polo importe citado as obrigas pendentes de pago.

A diferenza é debida a unha defectuosa contabilización da Seguridade Social a cargo da empresa e da parte correspondente ó traballador, en relación a determinados servizos. Recoméndase que a contabilización da Seguridade Social se realice imputando a parte obreira a acreedores non orzamentarios e a parte da empresa á partida orzamentaria correspondente, respectando ó principio contable de imaxe fiel.

- Conta 475. *Facenda Pública Acreedora por IRPF* (12.466.994 pesetas). Obsérvase unha diferenza de 684.686 pesetas entre o saldo da conta e o importe ingresado á Axencia Tributaria por retencións de IRPF correspondente ó derradeiro trimestre do ano 2000 que ascendeu a 11.782.308 pesetas, axustando pola diferenza no remanente de tesourería calculado polo equipo auditor. Recoméndase depurar o exceso de saldo analizado.
- Conta 479. *Facenda Pública Acreedora por IVE* (3.096.223 pesetas). Do saldo da conta 479 resulta, respecto ó liquidado mediante o modelo 300 da

Axencia Tributaria correspondente ó IVE do derradeiro trimestre, unha diferenza de 1.665.212 pesetas a favor da conta financeira de contabilidade. Axústase polo dito importe o remanente de tesourería calculado polo equipo auditor.

- Conta 4780 *Facenda Pública IVE repercutido* (1.826.922 pesetas). Considerando a liquidación practicada no modelo 300 da Axencia Tributaria correspondente ó IVE do derradeiro trimestre antes indicado, o importe total desta conta débese axustar como menor obriga no remanente de tesourería, recomendado a súa depuración contable con obxecto de mellorar a imaxe fiel da situación financeira do Concello.
- Conta 5130 *Entes Públicos acredores, recadación de recursos* (20.596.092 pesetas). Esta conta reflicte as cantidades retidas en concepto de recargo provincial do Imposto sobre Actividades Económicas correspondente á Deputación Provincial de Lugo. Do importe total, o pago de 17.214.810 pesetas foron aprazados e fraccionados, previo acordo da Deputación Provincial de Lugo do 26 de marzo de 2001, e dos restantes 3.381.282 pesetas, correspondentes a recargos provinciais por altas dos exercicios 1993 e 1994, mostrouse os ingresos por este concepto correspondente ó mes de setembro de 1994, resultando unha correcta contabilización. Non procede realizar ningún axuste no remanente de tesourería en relación á conta aquí examinada.
- Conta 5200 *Fianzas a curto prazo* (12.369.520). De acordo co estado do remanente de tesourería o importe de acredores por operacións non orzamentarias ascende a 55.343.712 pesetas, correspondendo a diferenza, ata os 67.713.232 pesetas sinalados na táboa antes detallada, ó saldo da conta 5200 que foi erroneamente denominada, cando se debería tratar como unha conta do subgrupo 51. De acordo ca ICAL, a conta erroneamente utilizada goza de vinculación orzamentaria, e o sistema informático non a computou no cálculo do remanente de tesourería na parte de operacións non orzamentarias atendendo a esta última vinculación, cando os asentados realizados na conta gozan de tal natureza non orzamentaria, calquera que sexa o nome que se lle dea. Procede realizar un axuste ó remanente de tesourería polo importe total de saldo desta conta. Este erro foi obxecto de rectificación e depuración por parte do Concello en exercicios posteriores.
- Conta 5100 *Depósitos recibidos* (2.000.000 pesetas). O saldo da conta responde á intención do Concello de crear un fondo para a concesión de préstamos os funcionarios. O feito de que o saldo da conta non responda a un terceiro real fai desvirtuar o principio de imaxe fiel, procedendo ó correspondente axuste no remanente de tesourería ó non constar terceiro real acredor das ditas cantidades. O uso desta conta extraorzamentaria supón o incumprimento da Orde do 20 de setembro de 1989, onde se sinala que os anticipos e demais préstamos ó persoal se recollerán no concepto orzamentario 830, sempre que exista unha previa resolución administrativa

que conceda un anticipo ou un préstamo a un funcionario determinado, así como o disposto no artigo 170 da LRFL.

- Conta 5102 *Depósitos recibidos de entes públicos* (1.000.000 pesetas). O saldo desta conta responde ó ingreso no exercicio 1995 dunha subvención da Consellería de Industria para actividades de Promoción Comercial (Feira de Artesanía). Atendendo ó tempo transcorrido dende a realización do ingreso procede axustar o remanente de tesourería polo dito importe, recomendado a depuración do saldo da conta aquí analizada.
- Conta 5190 *Outros Acredores non orzamentarios* (1.820.264 pesetas). Este importe responde a ingresos realizados no exercicio 1996 polo traspaso do saldo líquido dunha conta bancaria de titularidade dun Padroado municipal disolto en ditas datas. Realizouse unha incorrecta contabilización ó utilizar unha conta representativa de débedas non orzamentarias fronte a terceiros, cando non existe un acredor real. Por isto axustarase o remanente de tesourería polo importe total da conta examinada.
- Conta 5150. *Operacións de Tesourería* (609.283 pesetas). A análise desta conta realízase no apartado correspondente ó endebedamento.

#### **2.4. Pagos pendentes de aplicación**

A conta 550, de pagos pendentes de aplicación, consta no balance de situación cun saldo de 5.694.025 pesetas. De acordo coa regra 351 da ICAL, o saldo desta conta poderase deducir dos acredores pendentes de pago no remanente de tesourería cando estea identificado como unha débeda orzamentaria do Concello recoñecida pero pendente de pago. Esta conta foi utilizada polo Concello para a realización de pagos sen consignación orzamentaria, o que supón que o saldo da conta non aparece como pendente de pago na parte de acredores orzamentarios. O Concello de Viveiro, no cálculo do seu remanente de tesourería, deduciu da parte de acredores o importe antes sinalado, conculcando a regra 351 da ICAL xa mencionada, procedendo á realización dun axuste por 5.694.025 pesetas sobre o remanente de tesourería calculado polo Consello de Contas.

O pago sen consignación orzamentaria supón o incumprimento do disposto no artigo 169 da LRFL, sen prexuízo das responsabilidades que se puideran derivar deste feito. O Concello de Viveiro utilizou esta conta durante todo o exercicio 2000. Destaca a utilización desta conta extraorzamentaria para o pago de dous contratos de obra, un de Iluminado na rúa Rego das Flores por importe de 2.686.443 pesetas, e o outro para a construción de nichos no cemiterio municipal por importe de 4.670.760 pesetas. Este feito supón a infracción do artigo 169 da LRFL así como a conculcación do disposto no artigo 62.1,c) do TRLCAP, en concordancia co sinalado no artigo 154.4 da LRFL, supoñendo unha infracción de especial importancia, pois se grave é a adquisición de compromisos de gasto sen crédito adecuado e suficiente, máis o é o pago sen este último. E isto a pesar de que, dentro dese mesmo exercicio, pero posteriormente no tempo, procedeuse a xerar crédito, co legal e correcto

financiamento, na correspondente partida orzamentaria para afrontar o pago orzamentario do liquidado e aboadado extraorzamentariamente.

O saldo da conta a 31 de decembro de 2000 representa as cantidades que a esa data se pagaran sen a existencia de consignación orzamentaria, correspondendo na maioría dos casos a pagos por enerxía eléctrica onde a partida orzamentaria de imputación carecía de crédito suficiente para afrontalo. En exercicios posteriores recoñécese orzamentariamente a débeda pagada sen consignación mediante un recoñecemento extraxudicial de créditos nos termos sinalados no epígrafe III deste Informe, saldando o importe da conta 550.

### 3. FONDOS LÍQUIDOS DE TESOURERÍA

No estado de situación de existencias de Tesourería presenta os seguintes saldos a 31 de decembro de 2000:

Cta. PXCP	Caixa ou conta corrente	Descrición	Saldo a 31/12/2000
570		Caixa da Corporación	3.772.583
570		Caixa da Corporación	50.000
570		Caixa da Corporación	9.879
570		Caixa da Corporación	6.759
571	0040000350	Caixa de Aforros Municipal de Vigo	21.306.808
571	0302707574	BCL	37.980.588
573	0302707687	BCL	12.909.103
571	2010010915	Banco Hispano Americano	4.513.172
571	0000014045	Banco Bilbao Vizcaya	379.037
571	0200001100	Caixa de Aforros e Pensiões de Barcelona	3.660.674
571	0870000271	Banco Español de Crédito	5.236.301
571	0870001271	Banco Español de Crédito	675.999
571	0000620145	Banco Gallego	1.536.466
571	0200093015	Banco Bilbao Vizcaya	495.562
571	2809013404	Caixa de España de Investimentos	27.309.784
571	3110000017	Caixa de Aforros de Galicia	5.557.901
571	3110000053	Caixa de Aforros de Galicia	4.768.905
571	0660000467	Banco de Galicia	3.955.821
571	0000100033	Banco Pastor	7.258.630
571	0660000173	Banco de Galicia	1.430.022
571	0000109743	Banco Pastor	1.902.564
571	3087812304	Caixa de España de Investimentos	2.861.379
571	0040006101	Caixa de Aforros Municipal de Vigo	2.000.125
571	0040003033	Caixa de Aforros Municipal de Vigo	3.355.359
571	0040100077	Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra	6.227.240
573	0000109606	Banco Pastor	1.878.301
571	3029747204	Caixa de España de Investimentos	2.324.848
<b>TOTAL</b>			<b>163.363.810</b>

Verificouse a coincidencia da información contida no estado de existencias de tesourería coa información contida no balance de situación e no estado de remanente de tesourería.

Recibiuse confirmación de saldos por parte de nove das entidades bancarias circularizadas e que afecta ós movementos de dezoito contas, poñéndose de manifesto as seguintes incidencias:

- CAIXA GALICIA: confirma os saldos das contas que figuran no estado de situación de existencias de Tesourería. Nembargantes, na circularización

recibida, inclúense extractos de movementos de dúas contas máis, a 3040002140 que presenta un saldo a 31 de decembro de 2000 de 45.641 pesetas e a conta 3110000062 ascendendo o saldo a 31 de decembro de 2000 a 737.731 pesetas. Procede polo tanto incrementar os fondos líquidos de tesourería na cantidade de 783.372 pesetas.

#### **4. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO A GASTOS CON FINANCIAMENTO AFECTADO**

O estado de remanente de tesourería presenta un saldo de remanente afectado a gastos por un importe de 74.708.540 pesetas, dos cales se analizaron 57.973.586 pesetas, o que supón un 77,59% do total. Así mesmo, analizáronse desviacións negativas de financiamento por importe de 30.414.682 pesetas, o 35,33% do total.

O estado de gastos con financiamento afectado confeccionado polo Concello non se axusta ás normas establecidas nas regras 376 a 381 da ICAL.

Detectáronse as seguintes incidencias na análise dos proxectos seleccionados:

##### **4.1. Proxectos con desviación de financiamento positivo**

- *Rehabilitación casco histórico, fase I:* O Concello calculou unha desviación de financiamento acumulado de 16.174.657 pesetas, mentres que segundo o cálculo do equipo auditor esta desviación ascende a 6.024.240 pesetas, debéndose minorar o remanente afectado a gastos con financiamento afectado en 10.367.082 pesetas. A diferenza xurde porque se incluíron dereitos doutros proxectos, que se ben pertencen á mesma liña de acción, deben ser tratados como proxectos individuais. Por outra parte a desviación de financiamento do exercicio calculado para este proxecto foi de 17.186.110 pesetas, mentres que de acordo cos cálculos do equipo auditor ascende a –60.545 pesetas, polo tanto débéranse minorar no resultado orzamentario as desviacións positivas en 17.186.110 pesetas e incrementarse as negativas en 60.545 pesetas. A diferenza xurde de novo pola incorrecta imputación de dereitos doutros proxectos.
- *Rehabilitación casco histórico, fase II:* A desviación de financiamento acumulado, que neste caso coincide coa do exercicio, calculada polo Concello ascende a 7.387.685 pesetas. Da análise efectuada polo equipo auditor non se desprende ningunha incidencia no cálculo da mesma.
- *Paseo marítimo de Viveiro, 2ª anualidade:* A desviación de financiamento acumulado, calculado polo Concello ascende a 6.900.848 pesetas. Da análise efectuada polo equipo auditor non se desprende ningunha incidencia no cálculo da mesma. Por outro lado a desviación de financiamento do exercicio calculado polo Concello (0 pesetas) é correcta, xa que provén de exercicios anteriores. Non procede polo tanto ningún axuste nin no estado de remanente de tesourería nin no resultado orzamentario.
- *Rehabilitación Teatro Pastor Díaz:* O Concello calculou unha desviación de financiamento acumulado de 24.654.188 pesetas, mentres que segundo o



cálculo do equipo auditor esta desviación ascende a 21.264.661 pesetas, debéndose minorar o remanente afectado a gastos con financiamento afectado en 3.389.527 pesetas. A diferenza explícase en que o Concello efectuou o cálculo para o conxunto do proxecto e non por Axentes Financeiros tal e como establece a regra 353.1 da ICAL. A desviación de financiamento do exercicio ascende de acordo cos cálculos efectuados polo Concello a -11.406.224 pesetas, mentres que de acordo coa análise do equipo auditor ascende a -29.968.990 pesetas, debéndose incrementar no resultado orzamentario as desviacións negativas de financiamento en 18.562.766 pesetas.

- *Escola taller de Chavín, fase I:* A desviación de financiamento acumulado, que neste caso coincide coa do exercicio, calculada polo Concello ascende a 2.856.208 pesetas. Da análise efectuada polo equipo auditor non se desprende ningunha incidencia no cálculo da mesma.

#### **4.2. Proxectos con desviación de financiamento negativo**

- *Pavimentación e servicios praza de Lugo:* A desviación de financiamento acumulado, que neste caso coincide coa do exercicio, calculada polo Concello ascende a -6.809.937 pesetas. Da análise efectuada polo equipo auditor non se desprende ningunha incidencia no cálculo da mesma.
- *Construcción casa consistorial:* O Concello calculou unha desviación de financiamento acumulado de -13.202.831 pesetas, mentres que segundo o cálculo do equipo auditor a desviación ascende a 476.517 pesetas, debéndose incrementar o remanente afectado a gastos con financiamento afectado nesta cantidade. A diferenza explícase en que o Concello efectuou o cálculo para o conxunto do proxecto e non por Axentes Financeiros tal e como establece a regra 353.1 da ICAL. A desviación de financiamento do exercicio ascende de acordo cos cálculos efectuados polo Concello a -13.202.831 pesetas, mentres que de acordo coa análise do equipo auditor ascende a -15.613.136 pesetas, debéndose incrementar no resultado orzamentario as desviacións negativas de financiamento en 2.410.305 pesetas.
- *Pavimentación rúa Luis Trelles:* O Concello calculou unha desviación de financiamento acumulado de -10.404.914 pesetas, mentres que segundo o cálculo do equipo auditor a desviación ascende a 2.675 pesetas, debéndose incrementar o remanente afectado a gastos con financiamento afectado nesta cantidade. A diferenza explícase en que o Concello efectuou o cálculo para o conxunto do proxecto e non por Axentes Financeiros tal como establece a regra 353.1 da ICAL. A desviación de financiamento do exercicio ascende a -14.404.914 pesetas, sen que se teña detectado ningunha incidencia no cálculo da mesma.

En consecuencia os axustes derivados da análise das desviacións de financiamento son os seguintes:

Descrición	Importe
Axustes no remanente para gastos con financiamento afectado	-13.277.417
Axustes nas desviacións negativas de financiamento do resultado orzamentario	21.033.616
Axustes nas desviacións positivas de financiamento do resultado orzamentario	-17.186.110

## 5. CUANTIFICACIÓN DO ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA<sup>1</sup>

De acordo coas comprobacións efectuadas e cos resultados obtidos e descritos nos apartados 1, 2, 3 e 4 do epígrafe IV deste Informe, o remanente de tesourería do Concello no exercicio fiscalizado, ascende, de acordo cos cálculos do equipo auditor a -359.815.437 pesetas, mentres que a liquidación do orzamento do exercicio 2000 é de 82.367.661 pesetas. A diferenza explícase polos axustes realizados polo equipo auditor e que se reflicten no seguinte cadro:

Estado de remanente de tesourería	Remnte. calculado polo Concello	Axustes	Rmnte. calculado polo equipo auditor
<b>1. Debedores pendentes de cobro a 31.12.00</b>	<b>263.895.858</b>	<b>-101.570.198</b>	<b>162.325.660</b>
Do orzamento de ingresos correntes	139.203.078	32.632	139.235.710
Do orzamento de ingresos pechados	145.327.441	0	145.327.441
De operacións comerciais	0	0	0
De recursos doutros entes públicos	0	0	0
Doutras operacións non orzamentarias	4.608.858	-3.323.848	1.285.010
SalDOS de dubidoso cobro (-)	20.000.000	98.278.982	118.278.982
Ingresos realizados pendentes de aplicación (-)	5.243.519	0	5.243.519
<b>2. Acredores pendentes de pago a 31.12.00</b>	<b>270.183.467</b>	<b>324.673.689</b>	<b>594.857.156</b>
Do orzamento de gastos correntes	174.878.681	101.949.001	276.827.682
Do orzamento de gastos pechados	44.502.616	218.418.025	262.920.641
Do orzamento de ingresos	1.152.483	0	1.152.483
De operacións comerciais	0	0	0
De recursos doutros entes públicos	0	0	0
Doutras operacións non orzamentarias	55.343.712	-1.387.362	53.956.350
Pagos realizados pendentes de aplicación (-)	5.694.025	-5.694.025	0
<b>3. Fondos líquidos en Tesourería</b>	<b>163.363.810</b>	<b>783.372</b>	<b>164.147.182</b>
<b>4. Remanente de Tesourería afectado a G.F.A.</b>	<b>74.708.540</b>	<b>-13.277.417</b>	<b>61.431.123</b>
<b>5. Remanente de Tesourería gastos xerais</b>	<b>82.367.661</b>	<b>-412.183.098</b>	<b>-329.815.437</b>
<b>Total Remanente de Tesourería</b>	<b>157.076.201</b>	<b>-425.460.515</b>	<b>-268.384.314</b>

## V. ENDEBEDAMENTO

### 1. OPERACIÓN A LONGO PRAZO

Durante o exercicio 2000 comprobouse que non se formalizou ningún préstamo a longo prazo.

O estado da débeda a longo prazo, deducida do balance de situación e saldo das contas 170 e 171, reflíctense no seguinte cadro:

<sup>1</sup> Epígrafe modificado en trámite de alegacións.

Entidade de crédito	Data formalización	Número póliza	Importe inicial concertado	Pdte. amortizar a 31-12-00
Banco Gallego	25-02-92	54.552	6.802.593	1.351.102
BBV	04-11-94	129-10	11.815.546	6.177.046
BCL	23-12-97	6615135	673.612.483	635.379.277
BCL	24-10-91	9904422739	38.000.000	8.839.027
BCL	19-04-93	9504634567	21.003.470	5.770.512
BCL	28-04-93	9504634265	28.996.530	7.081.356
Caixa Pontevedra	29-03-96	5362.109.000001.3	70.000.000	50.502.717
Banco Pastor	19-09-96	96091901	32.817.044	20.766.283
Caixa Pontevedra	05-08-97	109.000020.8	132.624.189	122.380.002
Caixa Pontevedra	05-08-97	109.000019.4	89.307.073	74.205.768
Caja España	28-11-97	3062207320	17.355.508	15.927.756
Caixa Ourense	17-06-98	37/729/000053/1	240.000.000	228.015.496
Caja España	09-12-99	58-3202598120	121.000.000	119.098.183
<b>TOTAL</b>			<b>1.483.334.436</b>	<b>1.295.494.525</b>

Comprobouse que o Concello aparece como avalista dun préstamo de 120 millóns de pesetas a favor da Sociedade Municipal "Aparcamentos A Mariña SL", o cal se deberá ter en conta ós efectos do cálculo do aforro neto, de conformidade co disposto no artigo 54.1 da LRFL.

De acordo coa circularización enviada polo Banco de Crédito Local existe unha diferenza de 756.881 pesetas a favor do estado real da débeda, en concreto no préstamo desta entidade crediticia con número de póliza 6615135. Isto supón que a conta 1717, correspondente ó préstamo sinalado, consta cun saldo erróneo que procede de exercicios anteriores. Recoméndase a súa depuración e rectificación con obxecto de que a contabilidade municipal reflecta o estado fiel e real da débeda.

Verificouse que a amortización orzamentaria do exercicio, correspondente ó capítulo 9 de pasivos financeiros por amortización de capital, coincide co reflectido nas contas financeiras 170 e 171 da contabilidade municipal.

Considerando o importe de dereitos recoñecidos correntes no exercicio 1999 (1.153.295.731 pesetas), así como a débeda total viva o longo e curto prazo a 31 de decembro de 2000 (1.296.103.808 pesetas), resulta que esta última supón un 112% respecto os ingresos correntes liquidados, superando o límite do 110% que sinala o artigo 54.2 da LRFL.

Se se considera como débeda viva o préstamo avalado polo Concello a sociedade municipal "Aparcamentos da Mariña, S.L.", resultaría un 122% dos dereitos correntes liquidados no exercicio 1999, 12 puntos porcentuais por encima do límite do 110%

Sinalar que, aínda superando ese límite do 110%, reduciuse, dende o ano 1999, o importe da débeda viva respecto ós dereitos correntes liquidados, tomando como referencia, ós efectos de determinar os dereitos liquidados, a liquidación do ano 1999. Esta diminución conseguiuase mediante a aprobación dun proxecto de saneamento financeiro aprobado polo Pleno do Concello de Viveiro o 24 de setembro de 1999 con obxecto de obter a preceptiva autorización da Xunta de Galicia para a concertación dun préstamo de 121

millóns de pesetas, ó superar o límite indicado, e resultar da liquidación do exercicio de 1998 un aforro neto negativo.

## 2. OPERACIÓNS DE TESOURERÍA

O saldo e movemento da conta 515 “operacións de tesourería”, é o que segue:

Saldo a 31-12-1999	Movementsos debedores	Movementsos acredores	Saldo a 31-12-2000
9.947.648	190.214.453	180.876.088	609.283

O saldo da conta non reflicte o importe total formalizado entre o Concello e as dúas entidades crediticias coas que ten subscritas tres operacións de tesourería. Isto é consecuencia que a forma xurídica utilizada nas ditas operacións é a de liña ou apertura de crédito onde o prestatario, neste caso o Concello, pode dispoñer ata o límite concertado, pagando intereses só polo disposto, podendo reintegrar as cantidades dispostas en calquera momento da vixencia do crédito.

O importe real dispoñible das operacións concertadas durante o exercicio descríbese na seguinte táboa:

Entidade de Crédito	Data Formalización	Importe concertado	Data vencemento
Caixa Vigo e Ourense	23-05-00	15.421.380	19-05-01
Caixa Ourense	06-04-00	35.000.000	06-04-01
Banco Pastor	02-03-00	35.000.000	02-03-01
<b>TOTAL</b>		<b>85.421.380</b>	

Nas operacións de tesourería de 35 millóns de pesetas co Banco Pastor, infrínxese o artigo 52 da LRFL, ó renovar o seu vencemento a póliza despois de transcorrer o ano que sinala o citado precepto. Isto implica que a situación transitoria de liquidez se converta en estrutural, co conseguinte incumprimento do artigo 180 da LRFL. Recoméndase a adopción de medidas oportunas para a recuperación da situación de liquidez do Concello.

Se ben o saldo da conta 515 a 31 de decembro goza, correctamente, de saldo acredor, observouse que ó longo do exercicio 2000, nalgúns momentos, contaba con saldo debedor, o que supón unha incorrecta utilización desta conta que ten natureza acreedora ó reflectir o crédito a curto prazo pendente de devolución.

Na tramitación dos expedientes de concertación das operacións de tesourería antes sinaladas, detectouse que na póliza de 15.421.380 pesetas non se seguiu tramitación de procedemento ningún; en especial, non se comprobaron os límites para o acceso a esta clase de crédito e para a determinación da competencia do órgano para a súa autorización, sen que conste acordo de órgano municipal algún, supoñendo o incumprimento dos artigos 52 e 53.2 da LRFL. Calculados os ditos límites polo equipo auditor á data da formalización do préstamo obsérvase que están dentro do sinalado na LRFL, debéndolle corresponder a súa autorización ó Alcalde-Presidente.

Recoméndase a utilización das contas de orde, que, de acordo coa consulta da IGAE 4/93, permita reflectir o importe do disposto e do dispoñible nesta clase de créditos a curto prazo, sen que impliquen unha modificación real ou potencial do patrimonio do suxeito contable, axudando a completar a información sobre o mesmo.

### 3. AFORRO NETO

Procedeuse a efectuar o cálculo do aforro neto a 31 de decembro de 2000, con obxecto de determinar a capacidade de endebedamento da Corporación, utilizando para iso a liquidación do ano 1999, realizando de acordo co previsto no artigo 54 da LRFL, dando lugar ó seguinte resultado:

Descrición	Importe
Dereitos recoñecidos (capítulos 1 a 5)	1.153.295.731
Obrigas recoñecidas (capítulos 1, 2 e 4)	867.690.142
<b>AFORRO BRUTO</b>	<b>285.605.589</b>
Anualidade teórica de amortización	157.998.299
<b>AFORRO NETO</b>	<b>127.607.290</b>

Para o cálculo de anualidade teórica de amortización tívose en conta o préstamo avalado polo Concello a favor da empresa municipal "Aparcamientos da Mariña, S.L."

## VI. CONCLUSIÓNS

### 1. ORZAMENTO, LIQUIDACIÓN E CONTA XERAL

A liquidación do orzamento foi remitida á Administración Xeral do Estado fóra do prazo establecido polo artigo 174.5 da LRFL. Non consta no expediente de aprobación da liquidación, a remisión da mesma á Comunidade Autónoma incumprindo de novo o establecido no artigo 174.5 da LRFL.

A conta xeral do exercicio de 2000 foi dictaminada pola Comisión Especial de Contas é aprobada polo Pleno da Corporación no exercicio 2002, fóra dos prazos establecidos na LRFL. A conta xeral remitiuse ó Consello de Contas con anterioridade a súa aprobación, polo que non se considera rendida nos termos establecidos no artigo 204 da LRFL.

### 2. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

Os recoñecementos extraxudiciais de crédito aprobados polo Concello de Viveiro ascenderon no ano 2000 a cantidade de 33.558.093 pesetas, mentres que no 2001 ascenderon a 158.344.305 pesetas. Estes feitos denotan que se acude á figura do recoñecemento extraxudicial de crédito de forma xeralizada, cando a mesma ten un carácter excepcional, supoñendo o incumprimento reiterado de principios tan importantes como o de anualidade orzamentaria e devengo contable, así como a normativa en materia de contratación administrativa. Ademais, non procede recoñecer gastos con cargo a exercicios futuros.

A utilización abusiva e reiterada desta figura supón un incumprimento da normativa orzamentaria e de contratación que rexe o funcionamento das Administracións Públicas, de acordo co disposto no artigo 154.5 da LRFL, sen prexuízo das responsabilidades que puideran proceder,

Recoméndase que o Concello adopte as medidas oportunas destinadas a cumprir a normativa orzamentaria, contable e de contratación, infraccións implícitas nos recoñecementos extraxudiciais de crédito, reforzando a Intervención municipal, así como unha contención nos gastos e axuste dos mesmos ás limitacións cuantitativas e cualitativas dos créditos orzamentarios.

### **3. REMANENTE DE TESOURERÍA**

O remanente de tesourería para gastos xerais do exercicio fiscalizado, calculado polo equipo auditor é de -329.815.437 pesetas, mentres que na liquidación do orzamento do exercicio se establece un remanente de 82.367.661 pesetas. Estas diferencias denotan que o remanente de tesourería non reflicte a situación financeira do Concello. A esta situación engadirase a contabilizada en anos precedentes. Así, na liquidación do orzamento do exercicio 1998 o remanente de tesourería para gastos xerais ascende a -81.768.827 pesetas e no exercicio 1999 a 262.914 pesetas. Todo isto parece reflectir unha situación onde existen dificultades de financiamento de carácter estrutural, que se deberá corrixir a través das medidas establecidas no artigo 174 da LRFL.

Así mesmo, deberanse ter en conta as posibles responsabilidades por prescrición de dereitos de exercicios pechados, derivadas do disposto no artigo 141 do TRLXO e 38 da LOTC.

### **4. ENDEBEDAMENTO**

A débeda viva o longo prazo a 31 de decembro de 2000 ascende, de acordo coa contabilidade financeira, a 1.295.494.525 pesetas.

O volume da débeda viva o longo prazo supera o límite do 110% dos recursos correntes liquidados no exercicio 1999 fixado no artigo 54.1 da LRFL, o que implica que o nivel de endebedamento do Concello é superior ó considerado como máximo pola norma para a concertación dunha operación de préstamo.

Recoméndase o estricto cumprimento do plano de saneamento no seu día aprobado que permita recuperar a situación financeira e un volume menor de endebedamento.

O aforro neto a 31 de decembro de 2000, de acordo coa liquidación do ano 1999, é positivo en 127.607.290 pesetas, o que determina unha suficiente capacidade de facer fronte a carga financeira do Concello.

A renovación anual das pólizas de tesourería, que supón un incumprimento dos artigos 52 e 180 da LRFL, denota unha falta de liquidez estrutural, desvirtuando o carácter transitorio desta clase de operacións. Esta situación é consecuencia do estado financeiro xeral expresado no presente informe.

## **5. SITUACIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA**

O Concello de Viveiro presenta a 31 de decembro de 2000 un saldo negativo no estado de remanente de tesourería, mentres o resultado orzamentario e o aforro neto son positivos. Esta situación, unida a outras semellantes en exercicios precedentes, denota un escenario financeiro onde o Concello ten dificultades para facer fronte as súas débedas a curto prazo, a marxe de supoñer incumprimentos sistemáticos da lexislación vixente que obriga a aplicar as medidas do artigo 174 da LRFL. O Concello acude con asiduidade á renovación de operacións de tesourería encubriendo necesidades de tesourería de carácter permanente e mantén ademais un volume excesivo de endebedamento.

Esta situación veuse agravada pola presenza xeralizada de recoñecementos extraxudiciais de créditos, así como polo feito de imputar a exercicios posteriores ó 2000 gastos correspondentes a este exercicio ou anteriores.

Por todo isto, o Concello de Viveiro deberá sanear a súa Facenda Pública mediante a elaboración e aplicación dun programa específico, cumprindo a legalidade vixente e contabilizando as súas operacións segundo a normativa e criterios establecidos na ICAL.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2003.